

Unha Miss no Casino de Caballeros

Anxo Tarrío Varela

Non sei cantos compostelanos coñecerán o salón de recreo do Casino de Caballeros de Santiago. Quen isto escribe, nacido a unha carreiriña de can da rancia institución e criado nos espazos privilexiados de ambas as dúas rúas, a do Vilar e a Nova, confesa que ata antonte non tivera ocasión de entrar nunca nese magnífico recinto que de nenos mirabamos dende as regandixas das xanelas acortinadas para tratar de penetrar no misterio que parecía reinar alí dentro.

Foi a de antonte para o cronista toda unha viaxe ao pasado o feito de atravesar por primeira vez na vida aquel aire aínda un pouco decimonónico, aquela nobreza das madeiras repuxadas, así como admirar os valiosos baixorrelevos, lámpadas e estucados que decoran todo o recinto e gozar da sensación de liberdade que se ten cando se abren, francas, portas que permaneceron tantos anos herméticas ou que así se lle antollaban, polo menos, ao cidadán transeunte.

Ofrecía un espectáculo insólito a velada que tivo lugar alí dentro, o venres pasado, con motivo da presentación do libro de relatos policiacos, *Miss Ourense*, de Bieito Iglesias Araújo. Un libro para o que Carlos Casares e Xosé Manuel Sarille, encargados de falar no acto, xunto co novo Presidente do Casino, Ramón Castromil, non relearon gabanzas e parabéns, nun intelixente e ameno exercicio de xustiza cara a un dos mellores valores narrativos que posúe hoxe en día o patrimonio literario galego.

Era insólito o espectáculo para ollos dun compostelano, porque quizais por primeira vez na vida da Sociedade, como ben se encargou de subliñar durante o coloquio un remocicado Manuel Beiras (por certo, xa nonaxenario dende o día 10 de abril), confluíron alí dentro, no recinto antes impenetrábel do Casino de Caballeros, tres circunstancias a cal máis novidosa: 1) presentar un libro, 2) con presenza de señoras e señoritas e 3) en galego. Insólito, abraiante, glorioso.

¿El poderá ser que o Casino se convirta nun foro dinamizador da cultura en pleno corazón de Compostela? Ultimamente, están a se oír voces sobre da necesidade dun Ateneo para Santiago que aglutine inquiredanzas

culturais e sirva de espazo común onde poder encontrarse co amigo, co artista ou co escritor. Propiamente, existir, legalmente, xa existe o Ateneo compostelano, pois fundárase un alá polos primeiros anos setenta, presidido por Salvador García-Bodaño. Pero esmoreceu polas razóns de sempre. Naturalmente, o Casino non pode cumprir o papel do Ateneo, que estaría tutelado pola administración, aínda posuíndo el unha total autonomía de xestión. E non pode porque é unha sociedade totalmente privada, con dereito a restricións, como é lóxico. Pero mentres o Ateneo non é unha realidade (¿que lles parecería que a xenerosidade probada do noso Alcalde puxese o pazo de Bendaña, na praza do Toral, a disposición da idea? Non estaría mal, ¿eh?) ben pode o Casino seguir exercendo esa xenerosidade que amosou o venres deixando pasar adentro a toda unha Miss, nun xesto de apertura e de actualización que fan moita falta para entrarmos no século XXI sen mofos nin aires enrarecidos. Sería moi de agradecer.